

“Autoescolas e competencia”.

Fernando Varela Carid. Vogal do TGDC (1).

**Artigo publicado o domingo 24 de febreiro de 2008 no suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

Con ocasión do coñecemento público da Resolución ditada polo Tribunal Galego de Defensa da Competencia sobre un grupo de autoescolas do sur da provincia de Pontevedra, xurdiron na prensa escrita e máis en Internet algúns comentarios sobre os que cabe efectuar algunhas observacións pola súa transcendencia e consecuencias prácticas.

En primeiro lugar, cabe sinalar que a Resolución ditada é unha resolución firme no ámbito administrativo. Se os afectados non están conformes con ela poden recorrela ante a xurisdición contencioso-administrativa, como sucede con calquera outra decisión administrativa unha vez que se esgota esa vía.

Unha segunda cuestión, máis controvertida, son os comentarios de algunhas persoas que se din afectados polos prezos cobrados polas autoescolas sancionadas na Resolución. Esas persoas expresaron o seu desexo de que a multa imposta, cando se cobre se é o caso, sexa repartida entre todos aqueles que poidan acreditar a súa condición de afectados. Isto plantea unha interesante cuestión de fondo, que xa está resolta na lexislación vixente. Trátase do resarcimento de danos e prexuízos derivados da realización de prácticas anticompetitivas. Obviamente, non é posible o reparto da multa porque deriva dunha infracción da legalidade fundamentada na afectación do interese público. Ora ben, é certo que os particulares que son vítimas de prácticas contrarias á competencia, sexan persoas físicas ou xurídicas, tanto hipoteticamente neste caso como en calquera outro, teñen o dereito de reclamar ante os tribunais unha compensación polos danos e perdas ocasionados por esas prácticas.

Desde a entrada en vigor da nova Lei de defensa da competencia española o pasado 1 de setembro, os xulgados do mercantil español poden aplicar directamente os artigos 1 e 2 desa nova Lei, que se refiren a condutas colusorias e ao abuso da posición de dominio, sen esperar a que haxa un pronunciamento das autoridades administrativas, de modo que os particulares poden reclamar directa e inmediatamente os posibles danos e perdas ante eses tribunais.

Un terceiro aspecto comentado neses días foi a sorpresa dalgúns comentaristas por ser esa Resolución a primeira de carácter sancionador que emitiu o Tribunal Galego. Cómpre sinalar ao respecto que o Tribunal se limita a avaliar as propostas que efectúa o órgano instrutor, que é o Servizo Galego de Defensa da Competencia, integrado na Consellería de Economía e Facenda. En Galicia séguese, porque así se dispuxo no seu momento, un modelo dual onde a instrución e a resolución dos expedientes están orgánica e funcionalmente separados. O proceso de instrución, que segue un enfoque garantista e rigoroso, obriga a considerar longos prazos e unha actuación minuciosa por parte das autoridades. Precisamente, o novo modelo adoptado a nivel do Estado, mediante a creación dun único órgano de defensa da competencia que integra ambas funcións, ten como un dos obxectivos centrais reducir os prazos e conseguir unha instrución máis abreviada, sen prexuízo da seguridade xurídica dos afectados.

(1) Técnico comercial e economista do Estado